

REPSOL APOIA UN PROXECTO DA FEDERACIÓN DE XORDOS PARA A INTEGRACIÓN LABORAL

- **Asinado un convenio entre a Refinería e a Faxpg para o financiamento de prácticas non laborais en empresas para persoas xordas, con discapacidade auditiva e desempregada.**
- **É un colectivo especialmente vulnerable, que presentan unhas taxas de inactividade en torno ao 65% en Galicia.**

O director da Refinería de Repsol, Luis Felipe Llamas e o presidente da Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia, Iker Sertucha asinaron un convenio de colaboración co obxectivo de impulsar a integración laboral de persoas xordas.

O proxecto que se desenvolverá en 2017 consiste no financiamento de prácticas non laborais en empresas para persoas xordas, con discapacidade auditiva e desempregadas. Este programa iniciarase con catro persoas e inclúe Información, orientación e asesoramento para o desenvolvemento dun itinerario personalizado de inserción, formación básica en habilidades prelaborais e laborais, así como a xestión e seguimento de prácticas non laborais en empresas, de 2 meses de duración.

Esta iniciativa está incluída dentro do Plan de sustentabilidade que a Refinería realizou en 2016, e o seu desenvolvemento está enfocado principalmente á cualificación específica e á inserción laboral, nun colectivo especialmente vulnerable, que presentan unhas taxas de inactividade en torno ao 65% en Galicia. O desemprego afecta principalmente os mozos, con independencia do seu nivel de cualificación profesional, que non teñen experiencia laboral e aos maiores de 40 anos que proveñen de sectores en declive, por exemplo a construción ou a automoción, sen formación acreditada.

A FAXPG, é unha entidade sen ánimo de lucro fundada o 11 de Novembro de 1979 e declarada de utilidade pública o 27 de Abril de 2005 e está composta por sete Asociacións de Persoas Xordas (A Coruña, Santiago de Compostela, Ferrol, Lugo, Ourense, Vigo e Pontevedra).